

O tribunal das probas selectivas convocadas por resolución reitoral de 25 de novembro de 2022, para cubrir catro prazas de Escala técnica superior de administración, especialidade idioma

ACORDOU,

1. Publicar o resultado do primeiro exercicio do proceso selectivo, tal e como figura no Anexo I deste documento
2. Publicar a data de realización do segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, fixada na data, hora e lugar que se indica a seguir:
 - data: **1 de febreiro de 2023**
 - hora: **ás 12.00 h**
 - lugar: **aula 3 da Biblioteca Concepción Arenal**, situada no Campus Vida, rúa dos Feáns, s/n de Santiago de Compostela

3. Publicar os criterios de corrección deste segundo exercicio:

Tendo en conta o establecido na convocatoria do proceso selectivo con respecto ao segundo exercicio cuxo literal di " A proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva con catro respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como anexo II desta convocatoria. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 120 minutos.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar esta puntuación mínima. Cada pregunta respondida incorrectamente detraerá un cuarto ($\frac{1}{4}$) de pregunta respondida correctamente",

Este tribunal, reunido en sesión ordinaria o día 19.01.2023 ACORDA **fixar en 60 o número de respostas correctas netas** esixido para acadar a puntuación mínima, unha vez detraídas as incorrectas, de acordo co establecido na convocatoria (cada pregunta respondida incorrectamente detraerá $\frac{1}{4}$ de pregunta respondida correctamente).

No caso de que o número de preguntas válidas para efectuar a corrección, tras atender as posibles reclamacións, sexa inferior 120, tomarase ese novo total de preguntas válidas e

aplicaráselle a mesma proporción de respostas correctas netas indicadas no parágrafo anterior.

4. Recordarlle ás persoas aspirantes, a través desta publicación, o seguinte:

- tal e como indica a convocatoria, a súa orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola **letra Y**.
- deberán presentarse en cada exercicio, co DNI ou con outro documento que, a xuízo do tribunal, permita acreditar a súa identidade
- para a realización desta proba é necesario contar cun lapis do número 2 e goma de borrar.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2023

A secretaria do tribunal, co visto e prace da presidenta

Taboleiro electrónico da USC

Sitio web da Subárea de Planificación de PAS

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARUXA CASAL REYES, DIRECTOR A DA AREA DE PERSOAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/01/2023 20:26:01.

Asinante/Firmante/Signer: ANA MARIA DOMINGUEZ GIGIREY, NIF ***8277**, 22/01/2023 19:56:17.

CSV: 4301-124F-4299-BA41